

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 30 DE MAIO DE 2005

### 2.- Solicitudes de licencias de obras.

#### **Favorables.-**

2608/04.- Rafael Antonio Turnes Turnes.- Obras de ampliación e apertura (LAP/279/04) de hotel en Rúa de Muros núm.81.

2742/04.- Ferroarcos, S.L.- Viv. unif. en Rúa do Tambre núm.53.

942/05.- Francisco Javier Vaamonde Otero.- Viv. unif. na Rúa Agra das Lamas, Aríns, na parcela "A" de parcelación autorizada da finca 761 de concentración de San Martiño de Aríns.

797/05.- Milagros García Sabel.- Rehabilitación e reconstrucción interior de viv. unif. existente no Lugar de Vilares núm.7.

825/05.- Ana Belén Novoa Sousa.- Viv. unif. no Lugar de Marantes, parcela 1.313 de concentración de Nemenzo-Marantes.

2563/04.- L. Angel González Rodríguez.- Viv. unif. no Lugar de Eira de Neiro, Marrozos, na parcela 591, resto de finca matriz, resultante de parcelación autorizada.

426/05.- Rosa Mª Carballal Bascoy.- Rehab. viv.unif. na R/ Eira Vella, Codesedas.-

2739/04.- Carmen Gondelle Calvelo.- Rehabilitación de viv. unif. na Praza de Combarro núm.15.

176/05.- Inmobiliaria Paxonal, S.L.- Edificio (24 viv.) no Lugar de Vieiro

### 6.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación do Casco Histórico relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.

Acórdase a aprobación inicial de cinco subvencións para edificios e vivendas do casco histórico que de seguido se detallan polo importe de 43.904,04 euros.

Solicitante	Enderezo	Subvención
Inés Angélica Iglesias, en representación de José Gil Pol	Rúa Truques,1	12.239,36
Inés Angélica Iglesias, en representación de José Gil Pol	Rúa Truques,1-1º	2.717,00
Inés Angélica Iglesias, en representación de José Gil Pol	Rúa Truques,1-2º	5.918,38
Mª Elena González Concheiro	Rúa Xelmírez, 19	15.704,17
Mª Elena González Concheiro	Rúa Xelmírez, 19-3º	7.325,13

### 7.- Aprobación definitiva da Delimitación e dos Estatutos e Bases de Actuación da Xunta de Compensación do solo urbanizable non programado número 20 (SUNP-20). Amanecida.

Acórdase aprobar definitivamente a Delimitación, os Estatutos e as Bases de Actuación da Xunta de Compensación do solo urbanizable non programado número 20 (SUNP-20). Amanecida.

### 8.- Aprobación inicial do proxecto de urbanización da unidade de actuación de Mallou de Arriba, e da modificación da conta de liquidación provisoria da reparcelación.

Acórdase aprobar inicialmente o proxecto de urbanización da unidade de actuación de Mallou de Arriba, e da modificación da conta de liquidación provisoria da reparcelación.

### 10.- Aprobación inicial do Estudio de detalle e da Modificación da Delimitación do polígono 4 de Fontiñas.

Acórdase aprobar inicialmente o Estudio de detalle e da Modificación da Delimitación do polígono 4 de Fontiñas.

**11.- Aprobación, se procede, da Memoria de traballos a realizar durante a exposición pública da Revisión do Plan xeral de ordenación municipal.**

Acórdase aprobar a Memoria de traballos a realizar durante a exposición pública da Revisión do Plan xeral de ordenación municipal.

**12.- Concesión a favor da Asociación Fonte da Virxe da parcela A.6 (usos docente e complementarios) no solo urbanizable non programado número 28 (SUNP-28) da Barcia para a construción dun centro ocupacional.**

Acórdase a concesión a favor da Asociación Fonte da Virxe da parcela A.6 (usos docente e complementarios) no solo urbanizable non programado número 28 (SUNP-28) da Barcia para a construción dun centro ocupacional.

**13.- Cesión a favor da Xunta de Galicia dunha parcela de equipamento no solo urbanizable non programado número 2 (SUNP-2) de Salgueiriños para a construción dun centro galego de desenvolvemento integral para a discapacidade.**

Acórdase a cesión en favor da Xunta de Galicia dunha parcela de equipamento no solo urbanizable non programado número 2 (SUNP-2) de Salgueiriños para a construción dun centro galego de desenvolvemento integral para a discapacidade.

14.- Aprobación de modificacións no parcelario do expediente de ampliación do Proxecto de expropiación e obtención dos terreos para a construción da nova variante entre a Avda.de Lugo (N-550) e Pontepedriña (N-525.), para vial de servizo e acceso ó mesmo.

Acórdase a aprobación de modificacións no parcelario do expediente de ampliación do Proxecto de expropiación e obtención dos terreos para a construción da nova variante entre a Avda.de Lugo (N-550) e Pontepedriña (N-525.), para vial de servizo e acceso ó mesmo.

**16.- Proposta do Concelleiro Delegado de Turismo relativa á adxudicación das obras de limpeza e retirada de vexetación e restos de material pétreo e traballos de excavación arqueolóxica na Fortaleza da Rocha Forte.**

Acórdase a adxudicación á empresa 2000 Joscon Construcciones S.L. polo importe de 47.499,68 euros (IVE incluído) das obras de limpeza e retirada de vexetación e restos de material pétreo e traballos de excavación arqueolóxica na Fortaleza da Rocha Forte.

**17.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación do Casco Histórico relativa á adxudicación da Asistencia técnica para a realización de traballos arqueolóxicos de avaliación e control de proxectos de obra promovidos polo Concello.**

Acórdase a adxudicación da devandita asistencia técnica a Cristina Toscano Novella polo importe de 19.140 euros (IVE incluído).

**18.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestructuras relativa á aprobación do proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das obras de reposición de aceras en barrios do Municipio de Santiago (maio 2005).**

Acórdase aprobar o proxecto, de "reposición de aceras en barrios do municipio de Santiago (maio 2005)" polo importe de 60.000 euros e cun prazo de execución de dous meses, así como o inicio do procedemento para a súa licitación.

**19.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestructuras relativa á aprobación do proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das obras de mantemento e desbroce de pistas do Concello (maio 2005).**

Acórdase aprobar o proxecto "de mantemento e desbroce de pistas do Concello (maio 2005)"

polo importe de 60.028,69 euros e cun prazo de execución de sete meses, así como o inicio do procedemento para a súa licitación.

**20.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestructuras relativa á adxudicación das obras de instalación de rede separativa de fecais no entorno do Museo do Pobo Galego .**

Acórdase adxudicar as obras de eliminación do verquido de augas fecais ao regato do parque de Belvís á empresa Aquagest S.A. polo importe de 18.362,88 euros.

**21.- Proposta da Concelleira Delegada de Medio Ambiente relativa á adxudicación da asistencia técnica para a redacción do proxecto de adecuación da Praza da Muíña.**

Acórdase adxudicar a devandita asistencia técnica á empresa Consultores de Medio Ambiente y Desarrollo S.L polo importe de 6.950,72 euros (IVE incluído).

**22.- Proposta da Concelleira Delegada de Servicios Sociais relativa á adxudicación da asistencia técnica para a redacción do proxecto básico de construción da Casa das Asociacións de Servicios Sociais .**

Acórdase adxudicar a devandita asistencia técnica á empresa Arquitav Arquitectos S.L. polo importe de 12.000 euros (IVE incluído).

**23.- Proposta do Concelleiro Delegado de Urbanismo relativa á resolución por mutuo acordo do contrato de Asistencia técnica para a redacción do Plan Parcial SUNP-21 de Chouchiños.**

Acórdase a resolución por mutuo acordo do contrato suscrito con M<sup>a</sup> del Carmen Calatayud Romero para a redacción do Plan Parcial SUNP-21 de Chouchiños.

**24.- Proposta do Concelleiro Delegado de Urbanismo relativa á resolución por mutuo acordo do contrato de Asistencia técnica para a redacción do Plan Especial de Mellora dos núcleos rurais de Polveira-Sigüeiro-A Foca-Toxeira.**

Acórdase a resolución por mutuo acordo do contrato suscrito con Cándido López González para a redacción do Plan Parcial SUNP-21 de Chouchiños.

**25.- Proposta do Concelleiro Delegado de Promoción Económica relativa á contratación dun experto docente en instalación de sistemas de enerxía solar térmica.**

Apróbese a contratación dun experto docente en sistemas de enerxía solar térmica cun custe de 9.405 euros.

**26.- Proposta do Concelleiro Delegado de Promoción Económica relativa á contratación dun experto docente en Fontanería.**

Apróbese a contratación dun experto docente en fontanería cun custe de 10.260 euros.

**27.- Proposta do Concelleiro Delegado de Promoción Económica relativa á contratación dun experto docente para a impartición dos módulos transversais de Formación para a igualdade e Inserción laboral: técnicas de busca de emprego.**

Apróbese a contratación dun experto docente para a impartición dos módulos transversais de Formación para a igualdade e Inserción laboral: técnicas de busca de emprego, cun custe de 1.140 euros.

**28.- Proposta do Concelleiro Delegado de Reforma Administrativa relativa á adquisición de 4 fotocopiadoras para os departamentos de Tesourería, Xestión de Inmobles, Atención ó Contribuínte e Recadación Executiva .**

Apróbese a adquisición de 4 fotocopiadoras por un importe total de 11.990 euros.

**29.- Proposta do Concelleiro Delegado de Transportes relativa ás tarifas do aparcamento subterráneo da Praza de Galicia.**

Á vista dos escritos presentados pola empresa Interparking Hispania S.A., concesionaria do aparcamento da Praza de Galicia, relativos á solicitude de revisión de tarifas e á petición dun prazo de 6 semanas para implantar o novo sistema de tarificación por fraccións de 15 minutos, consorte ao informado polo inspector de servizos, a Xunta de Goberno acorda:

-Desestimar a petición de revisión de tarifas toda vez que nos cálculos feitos para o establecemento da nova estrutura tarifaria acordada pola Xunta de Goberno Local de 25-02-2005 xa se tiveron en conta os valores actualizados ao ano 2005, sendo estes de 1,25 euros a primeira hora e 0,75 euros as seguintes, tarifas que coinciden co solicitado.

-Desestimar a petición de prórroga, toda vez que a súa posta en marcha pode realizarse nun prazo de 24 horas, tanto se se introduce unha nova aplicación como se se exporta a actual tarificación a un servidor e se importa despois o fraccionamento.

**30.- Aprobación dunha operación de tesourería.**

Acórdase adxudicar a operación de tesourería por importe de 1.950.000 euros ao Banco Santander Central Hispano.

**31.- Aprobación dunha operación de crédito.**

Acórdase adxudicar o contrato de préstamo por importe de 4 millóns de euros a Caixa Galicia.

**32.- Propostas do Concelleiro Delegado de Deportes relativas á concesión gratuita do uso de instalacións deportivas municipais para a celebración de diversos eventos deportivos.**

Acórdase conceder á Asociación de Veciños "Polígono de Vite" o uso gratuíto do Pavillón Municipal de Vite do 6 ao 25 de xuño de 16 a 23.30 horas, para o desenvolvemento da "XIV Olimpíada deportivo-cultural de Vite 2005".

**33.- Proposta da Concelleira Delegada da Muller relativa á aprobación das Bases e convocatoria para o outorgamento de subvencións da Concellería da Muller 2005.**

Acórdase aprobar as bases para o outorgamento de subvencións da Concellería da Muller para o 2005, por importe de 18.000 euros, así como proceder á súa convocatoria e a apertura do prazo para a presentación de solicitudes, que será dun mes a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no BOP.

**37.- Proposta do Concelleiro Delegado de Turismo relativa ao desglose do orzamento de actuacións para a quinta anualidade (2005) do Plan de Excelencia Turística.**

Acórdase aprobar o devandito desglose de orzamento de actuacións por un importe total de 135.227,72 euros.

**39.- Aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación do Novo circo "Pista Catro".**

Acórdase aprobar o convenio do Concello coa Asociación de Novo circo "Pista Catro" para o desenvolvemento de diversos programas na cidade, O Concello aportará a cantidade de 10.000 euros.

**40.- Aprobación do Convenio de colaboración cultural entre o Concello de Santiago de Compostela e a agrupación de libeiros de Santiago-Federación de Libeiros de Galicia.**

Acórdase aprobar o convenio de colaboración do Concello coa Agrupación de Libeiros de Santiago-Federación de Libeiros de Galicia para a celebración da Feira do Libro de Santiago na que o Concello aportará unha achega de 6.000 euros.

**41.- Aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a nave de servizos artísticos-Sala NASA.**

Acórdase aprobar o convenio do Concello coa Nave de Servizos Artísticos-Sala Nasa, a través do que o Concello achega 48.000 euros.

**42.- Proposta da Concelleira Delegada de Centros Socioculturais relativa á inclusión dunha addenda no Convenio asinado o día 30-12-2004 sobre os centros e locais de Vilvestro, Santa Cristina de Fecha, A Rocha e Lavacolla, construídos pola Deputación da Coruña.**

Acórdase incluír unha addenda no Convenio, que estipule que coa entrega de cada edificio se traspasen tamén as cantidades segundo o importe proporcional dos custos, que é o seguinte:

- ? Vilvestro.....45.000 euros.
- ? A Rocha.....40.000 euros.
- ? Santa Cristina de Fecha.....30.000 euros.
- ? Lavacolla.....30.000 euros.

**43.- Proposta da Concelleira Delegada de Educación e Mocidade relativa á resolución da convocatoria de subvencións a proxectos e actividades educativas e culturais 2005.**

Acórdase aprobar a concesión das devanditas subvencións ás entidades que de seguido se relacionan:

NOME	CANTIDADE
A INMACULADA. ANPA DO COLEXIO	600
AGES.ASOCIACIÓN GALEGA DE ESTUDIOS SOCIAIS	450
ANPA LANDRAS/ CEIP RODRÍGUEZ XIXIREI (Conxunta)	1600
APADUL. / ASPANAES (Conxunta)	1000
APÓSTOLO SANTIAGO. ANPA DO CEIP	1350
ATHENEA.ANPA DO CEIP QUIROGA PALACIOS	800
ATURUXO. ASOCIACIÓN XUVENIL	500
BURGO DAS NACIÓNS. ANPA DO CEIP VITE	900
CEIP LÓPEZ FERREIRO/ ANPA DO CEIP LÓPEZ FERREIRO (Conxunta)	1700
CEIP RAMÓN CABANILLAS / ANPA VIRXE DE FÁTIMA (Conxunta)	800
CHAVOS.ASOCIACIÓN	700
COLEXIATA DE SAR. CEIP	1500
COLEXIATA DO SAR. ASOCIACIÓN XUVENIL	500
COMPAÑÍA DE MARIA. ANPA DO COLEXIO	600
DIVINO MESTRE. ANPA COLEXIO	600
DOWN COMPOSTELA. ASOCIACIÓN	1000
EDUARDO PONDAL. IES	800
EI MUNICIPAL DE CONXO	1200
FONTIÑAS. ANPA FONTELA DO CEIP	800
FUNGOS. ASOCIACIÓN	400
ITACA. ASOCIACIÓN	1200
JUAN XXIII. CENTRO CULTURAL E SOCIAL	700
LA SALLE. COLEXIO	600
MONTE DOS POSTES. ANPA DO CEIP	800
NOSA SRA. DOS REMEDIOS.ANPA	600

PASENIÑO. ASOCIACIÓN	500
PONTEPEDRIÑA. IES	400
RAIOLA. XARDÍN DA INFANCIA	1200
ROSALÍA DE CASTRO. IES	800
ROXOS - VILLESTRO. ANPA DO CEIP	1800
SAN FCO. XAVIER. ANPA DO COLEXIO	600
SAN JOSÉ DE CLUNY. ANPA DO COLEXIO	600
SARELA - ANPA DO CEIP RAIÑA FABIOLA	800
SOCIEDADE COMARCAL DE XORDOS-ASOC. PERSOAS XORDAS DE SANTIAGO	800
XELMÍREZ. ASOCIACIÓN COLECTIVO	800
<b>TOTAL:</b>	<b>30000</b>

E desestimar os proxectos presentados polas seguintes entidades:

ENTIDAD CULTURAL RIOSAR
LAMAS DE ABADE. ANPA DO CEIP
OBRADOIRO AMBIENTAL OUREOL
QUARTO ESCURO.ASOCIACIÓN XUVENIL
SAR. IES
SEMINARIO GALEGO DE EDUCACIÓN PARA A PAZ
SENRA. ASOCIACIÓN
SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL
XESTAL ASOCIACIÓN

**44.- Dar conta da concesión dunha subvención ao Concello para a Casa de Acollida municipal.**

Dáse conta dunha subvención do Servizo Galego de Igualdade para a Casa de Acollida Municipal, por importe de 25.000 euros.

**48.- Dar conta da sinatura do Convenio de colaboración entre o Concello e o Colexio de Avogados de Santiago para establecer a relación de confianza e recoñecemento dos confianza e recoñecemento dos certificados emitidos pola autoridade de certificación da Abogacía e a utilización destes.**

Dáse conta do asinamento deste convenio o pasado 26 de maio.

**URXENCIAS.**

-Dáse conta á Xunta de Goberno do texto do convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e o Concello de Santiago de Compostela para a realización de determinadas actuacións en materia de infraestruturas viarias.